

XXIV festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar | 3 agosto 2025

08:30 Bombas de palenque sábado e domingo.

09:00 Apertura das instalacións da Mostra Cabalar.

09:30 Comezo das inscricións.

10:00 Apertura da XXIV Feira de Galos e Galiñas de Raza Piñeira vivos.

11:00 Pasarrúas coa Charanga NBA.

11:00 Apertura da Feira

Artesanía no Camiño na praza de Forcarei.

- Postos con Artesanía de Galicia
 - Talleres demostrativos:
Bolillos, bordado ao aire, coiro, tornería de madeira, elaboración de xoguetes tradicionais.
 - Actividades participativas artesanais:
 - Obradoiro de pintura sobre tecido.
 - Obradoiro de cerámica.
 - Obradoiro de pulseiras de coiro.
 - Zona infantil:
 - Barca artesá
 - Xogos xigantes (damas, xogos de pesca, jenga, mesas de inxenio, etc.)
 - Animación de rúa:
 - Espectáculo **Kineko** (12:00 h. e durante toda a tarde).
 - **Mago Antón:** Pases de maxia durante todo o día.
 - **Circo Chosco Távole.** 19:00 h.
- 13:00 Sesión vermú con EME MUSIC e DÚO CICLÓN

13:00 Degustación gratuíta de galo.

14:00 Entrega de premios aos gañadores da XXIV Feira de Galos e Galiñas de Raza Piñeira vivos.

14:30 Pregón da XXIV Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar. A cargo do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia
José González Vázquez

14:40 Sesión vermú amenizada por EME MUSIC e DÚO CICLÓN

15:00 Xantar popular baixo a carpa instalada ao lado da praza de Forcarei.

17:30 Reapertura da XXIV Mostra Cabalar

18:00 Carreira de trotóns

18:45 Exhibición de enganche de trotóns

19:00 Premio especial aos mellores movementos P.R.E.

19:15 Premio especial FAÍSCA ao mellor exemplar P.R.E nado e criado en Galicia.

19:30 Proba de arrastre.

20:00 Entrega de premios aos gañadores da XXIV Mostra Cabalar.

20:30 ESPECTÁCULO ECUESTRE PURA VIDA

22:00 HISTORIA DA VERBENA. O MUSICAL. La Oca Band. Praza de Forcarei.



XXIV festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar

O PINO
3 agosto
2025



Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia



Saúda do Alcalde

Como cada primeira fin de semana de agosto, o Concello do Pino celebra con orgullo a Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar, que este ano acada a súa vixésimo cuarta edición. Son xa vinte e catro anos poñendo en valor o mellor do noso municipio: a nosa tradición rural, o noso patrimonio natural e a hospitalidade coa que sempre acollemos a quen nos visita.

Esta festa naceu co obxectivo de conservar e dar a coñecer a **raza piñeira**, un símbolo do noso territorio. Un ano máis, celebramos a **Feira de Galos e Galiñas Piñeiras Vivas**, unha cita consolidada que quere recoñecer e apoiar o traballo das criadoras e criadores que manteñen viva esta raza autóctona galega tanto no noso municipio como no resto de Galicia e noutras comunidades.

A **Mostra Cabalar** mantén o seu protagonismo cun amplo programa de actividades. Nesta edición celebrarase por primeira vez a **carreira de trotóns**, ademais das probas habituais, e entregárase o **Premio Especial Faísca** ao mellor exemplar de Pura Raza Española nado e criado en Galicia, como recoñecemento á excelencia do noso sector equino.

Outro dos alicerces fundamentais da festa é a **Feira Artesanía no Camiño**, un espazo para resaltar o traballo de artesás e artesáns de Galicia a través de demostracións, obradoiros participativos e actividades pensadas para toda a familia. A música, a maxia, o circo, os xogos tradicionais e a animación de rúa completan unha programación diversa e atractiva.

Un dos momentos máis especiais chegará co **xantar popular do domingo**, cun milleiro de persoas compartindo mesa ao redor do galo, nun ambiente de convivencia que xa é parte da idiosincrasia da nosa festa.

A programación inclúe tamén propostas culturais e musicais de primeiro nivel. O sábado contaremos co concerto de **Píscore xunto á Banda de Música de Arca** e o espectáculo **Queiman**, unha posta en escena de tradición celta con forza rockeira. O domingo, tras unha intensa xornada, a festa pechará co espectáculo ecuestre **Pura Vida**, de Caballerizas Alcor, e o musical **Historia da Verbena**, a cargo de La Oca Band.

Como alcalde, quero agradecer sinceramente o labor de todas as persoas que fan posible esta celebración. En especial, aos **traballadores e traballadoras municipais** polo seu esforzo incansable e a todas aquelas persoas que colaboran **de xeito desinteresado como voluntarias**, contribuíndo co seu tempo e dedicación a que esta festa sexa un éxito ano tras ano.

Convido a veciñanza e as persoas visitantes a gozar desta celebración xa consolidada como **Festa de Interese Turístico de Galicia**. Que sexan días para lembrar.

Un saúdo,

Manuel Taboada Vigo
Alcalde do Pino



Sábado 2 de agosto

19.30h. Os 21 do Galo Piñeiro.
Saída da media maratón
dende a capela da Madanela, en Arzúa.
Chegada á praza do Concello.

19.50h. Os 21 do Galo Piñeiro.
Saída da proba de 8 km dende
a parrillada A Esquipa.
Chegada á praza do Concello.

20.00 h. Concerto.
PÍSCORE coa **Banda de Música de Arca**.
Praza de Forcarei.



22.30 h. **Queiman**. Concerto-espectáculo.
Tradición Celta con forza rokeira.
Praza do Concello.



X XIV Feira de Galos e Galiñas de Raza Piñeira de O Pino 2 e 3 de Agosto

(Inscricións o domingo día 3 a partir das 09:30 na propia Feira, situada na contorno da praza de Forcarei)

GALO DE RAZA PIÑEIRA ANCESTRAL
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALO DE RAZA PIÑEIRA SILVESTRE
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALO DE RAZA PIÑEIRA BRANCA
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALIÑA DE RAZA PIÑEIRA ANCESTRAL
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALIÑA DE RAZA PIÑEIRA SILVESTRE
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALIÑA DE RAZA PIÑEIRA BRANCA
1º PREMIO · 2º PREMIO

GALO DE CURRAL
1º PREMIO · 2º PREMIO · 3º PREMIO



09:00 Apertura das instalacións

09:30 Comezo das inscricións

(Os propietarios de animais con carta de orixe deben amosala no momento de formalizar as inscricións).

10:00 h. ÉGUAS PERCHARONAS

1º Premio 100 €
2º Premio 50 €
3º Premio 30 €

11:15 h. POLDRAS P.R.E. 1-2 ANOS

1º Premio 150 €
2º Premio 70 €
3º Premio 40 €

10:00 h. POLDRAS INDEFINIDAS

1º Premio 100 €
2º Premio 50 €
3º Premio 30 €

11:45 h. POLDRAS P.R.E. 3-4 ANOS

1º Premio 200 €
2º Premio 100 €
3º Premio 50 €

10:45 h. ÉGUAS INDEFINIDAS

1º Premio 200 €
2º Premio 100 €
3º Premio 50 €

12:30 h. ÉGUAS P.R.E. 5-6 ANOS

1º Premio 230 €
2º Premio 120 €
3º Premio 50 €

10:15 h. CABALOS PERCHERÓNS

1º Premio 100 €
2º Premio 50 €
3º Premio 30 €

11:15 h. POLDROS P.R.E. 1-2 ANOS

1º Premio 150 €
2º Premio 70 €
3º Premio 40 €

10:15 h. POLDROS INDEFINIDAS

1º Premio 100 €
2º Premio 50 €
3º Premio 30 €

11:45 h. POLDROS P.R.E. 3-4 ANOS

1º Premio 200 €
2º Premio 100 €
3º Premio 50 €

10:45 h. CABALOS INDEFINIDAS

1º Premio 200 €
2º Premio 100 €
3º Premio 50 €

12:30 h. CABALOS P.R.E. 5-6 ANOS

1º Premio 230 €
2º Premio 120 €
3º Premio 50 €

Haberá carpa para resgardar os cabalos e eguas do sol